



**ADMISIÓN ALUMNADO 2020/21  
DO DÍA 11 AO 18 DE MAIO DE 2020  
NORMAS DE SEGURIDADE COVID-19**

**MOTIVO DE ENTRADA NO COLEXIO**

- A atención ao público faise para a entrega de documentación de Admisión do Alumnado 2020/21

**NORMAS DE ACCESO AO CENTRO**

- O acceso ao centro farase a través do **portal de entrada**, previa chamada ao **interfono**, como habitualmente se fai cando se quere acceder ao centro. Cada usuario/a esperará a súa quenda para o acceso.
- Unha vez dentro do recinto escolar dirixiranse cara a **porta principal** de entrada respectando sempre a distancia de seguridade entre persoas.
- Haberá unha **mesa** na porta exterior para que os pais e nais que teñan que **entregar documentación** a poidan pousar sobre a mesa.
- O **conserxe recollerá a documentación** e pediralle aos pais e nais que agarden fóra.
- **A documentación será revisada** polo equipo directivo e polo persoal administrativo, se houbera algún problema de como están cubertos os datos ou falta documentación, comunicárselles aos pais e nais que agardan fóra. Unha vez feita a entrega e aceptación da documentación as familias sairán respectando as distancias de seguridade.
- Unha vez finalizado o proceso de entrega de documentación a mesa será desinfectada.

**RECOMENDACIÓNS E OBRIGAS SANITARIAS**

- No interior do recinto escolar recoméndase o uso de **máscara protectora e luvas**.
- É obrigatorio o **respecto aos límites de seguridade** establecidas no proceso de atención ao público no centro.

**REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR**

- Agradécese revisar que o impreso de admisión **Modelo ED550B** está completamente **coverto e asinado**, en todas as páxinas, por todas as persoas que corresponda. Se é preciso, ofrécese **axuda telefónica** antes de desprazarse ao colexio.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES**  
RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA  
Teléfono 881 867 850  
E-mail: [ceip.monte.postes@edu.xunta.es](mailto:ceip.monte.postes@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/>

## NOVOS PRAZOS

De conformidade co resolución da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do 7 de maio de 2020 sobre o restablecemento do procedemento de admisión de alumnado de 2º ciclo de educación infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centro docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2020/21.

- Presentación da documentación acreditativa dos criterios de **baremo: ata o día 26 de maio de 2020** (Sempre que sexa necesario).
- Publicación das **listaxes provisionais** do alumnado admitido e non admitido: **antes do 9 de xuño de 2020**.
- Poderanse formular **reclamacións** contra as listaxes provisionais no prazo de 3 días hábiles contados desde o seguinte á súa publicación.
- Publicación das **listaxes definitivas** do alumnado admitido e non admitido: **ata o 26 de xuño de 2020**.
- Formalización de matrícula en educación infantil e primaria: do 1 ao 10 de xullo de 2020.

**\*\*\*No caso de que non houbera que baremar notificárase na páxina WEB do colexio\*\*\***

Un cordial saúdo,  
Equipo Directivo